



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO, POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 28 DE MARZO DE 2022 DE DECLARACIÓN DE HERDEIROS A FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DE DONA BENEDICTA ÁLVAREZ GARCÍA.

Antecedentes.

Por resolución do 28 de marzo de 2022 da entón Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, declarouse á Comunidade Autónoma de Galicia herdeira *ab intestato* de dona Benedicta Álvarez García.

A citada resolución publicouse no Boletín Oficial do Estado (Supl. N. nº102 do 29.04.2022, ID: N2200508957), no Diario Oficial de Galicia (DOG nº72 do 13.04.2022), na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, e foi exposta nos taboleiros de anuncios dos concellos de Vedra e Oleiros.

Advertido erro na transcripción do número do documento nacional de identidade da causante do punto Primeiro da resolución, cómpre a súa debida corrección.

Fundamentos xurídicos.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, artigo 109 .2.

Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, artigos 14 e 16.

Segundo o anterior,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución do 28 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, pola que se declarou á Comunidade Autónoma de Galicia única e universal herdeira *ab intestato* de dona Benedicta Álvarez García, no punto Primeiro do seu "Resolvo", de xeito que onde di erroneamente:

"Declarar á Comunidade Autónoma de Galicia única e universal herdeira ab intestato de dona Benedicta Álvarez García, con DNI: 33.272.378-L, entendéndose legalmente aceptada a herdanza a beneficio de inventario."

debe dicir:





"Declarar á Comunidade Autónoma de Galicia única e universal herdeira ab intestato de dona Benedicta Álvarez García, con DNI: 33.272.348-L, entendéndose legalmente aceptada a herdanza a beneficio de inventario."

Segundo.- Publicar a presente resolución de modificación no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, área temática de Patrimonio, Anuncios, que se pode consultar no seguinte enlace: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/anuncios>

Unha copia desta resolución será remitida para a súa exposición pública, por prazo non inferior a trinta días, nos taboleiros de anuncios dos concellos de Vedra e Oleiros.

Esta resolución poderá ser recorrida por infracción das normas sobre competencia e procedemento mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, de conformidade cos artigos 112 .1, 114 e 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Os que se consideren prexudicados por esta resolución nos seus dereitos de carácter civil, poderán exercer as accións pertinentes perante o órgano da xurisdición civil correspondente.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
José María Barreiro Díaz

